

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa o seguinte:

1.- Que o 18 de febreiro de 1956 foi aprobado o consorcio que para o monte "VAL OSCURO". LU-3060, como pertencente ós pobos de Ceredo, Libre, Son, Casas do Río, Robledo de Son e Peñamil, subscribíran o Concello de Navia de Suarna e o Patrimonio Forestal do Estado.

2º.- Que o 18 de Xuño de 1979, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común tomou o Acordo de clasificar como tal o denominado "MONTES DE CASAS DO RÍO", pertencente á Comunidade integrada polos veciños de Casas do Río, parroquia de Son, Concello de Navia de Suarna. Publicado dito Acordo no B.O. da Provincia, nº 240, do sábado 20 de outubro do mesmo ano, non se presentou nin interpuso recurso algún contra él, polo que é firme.

3º.- Que o 8 do mes de xuño de este ano á Comunidade de Casas do Río, reunida en Asemblea Xeral, tomou o Acordo de:

- propoñer á Consellería de Agricultura, Gandería e Monte a sinatura dun Convenio que afectase as 41 Hás. da súa pertenza incluída no Consorcio do monte "VAL OSCURO", LU-3060,

- solicitar da Consellería que o Convenio, na parte que lle afecta, anulase e substituíse o Consorcio do monte "VAL OSCURO", LU-3060, e

- autorizar ó seu Presidente para a sinatura do Convenio.

4º.- Que en consecuencia, o no novo monte "MONTES DE CASAS DORIO", queda constituido por:

41 Hás. do "VAL OSCURO", LU-3060.

5º.- Que o convenio ten por obxecto a incorporación do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio, a conservación e tratamento selvícola das masas creadas, o seu aproveitamento e a execución das obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes con tales fins.

6º.- Que as superficies do monte "VAL OSCURO", LU-3060 eran:

superficie total.	184 Has.
superficie repoboadada.	178 "
superficie inforestal.	6 "

Como o monte "MONTES DE PENAMIL", 2715831, pasaron:

superficie total.	9 Hás.
superficie repoboadada.	9 "

as actuais, son:

superficie total.	175 Hás.
superficie repoboadada.	169 "
superficie inforestal.	6 "

O monte "MONTAS DE CASAS DO RIO", pasan:

superficie total.....	41 Hás.
superficie repoboadada.	40 "
superficie inforestal.....	1 "

7°.- Gastos por traballos e ingresos do monte "VAL OSCURO", LU-3060.

Conforme coas Certificacións que se adxuntan, son os seguintes:

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1995.	12.184.278,-Ptas.
pasados o m/"MONTES DE PENAMIL", 2715831	616.059.- "
saldo actual:	11.568.219.- "
o 31-12-1979. ano en se clasificou como	
en man común o monte da Comunidade de -	
Casas do Rio.	567.394.- "

A ter en conta conforme coa Disposición Adicional Segunda da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro:

40 x 11.568.219,-Ptas. - 40 x 567.394,-Ptas. 2.610.536.-Ptas.
169

b) Ingresos:

o 31-12-1995.	811.564.-Ptas.
pasados o m/"Montes de penamil", 2715831.	41.034.- "
saldo actual:	770.530.- "

8°.- E que os gastos que por traballos, Administración e gardería, así como os ingresos, que das contas do Consorcio do monte "VAL OSCURO", LU-3060 pasan o convenio do monte "MONTES DE CASAS DO RIO", son:

a) GASTOS:

traballos:	2.610.536.-Ptas.
administración: <u>7,85%</u> x 2.610.536,-Ptas..	204.928.- "
gardería: 40 Hás. x 810,-Ptas./Ha.	32.400.- "

TOTAL GASTOS. 2.847.864.-Ptas.

b) INGRESOS:

40 Hás. x 770.530.-Ptas.	<u>182.374.-Ptas.</u>
169 Hás.	<u>TOTAL INGRESOS..... 182.374.-Ptas.</u>

9º.- E que polo tanto, a conta do Convenio do monte "MONTES DE CASAS DO RIO", se abre cun saldo inicial de:
2.847.864,- pesetas - 182.374,- pesetas..... 2.665.490.-Ptas.
=====

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E.:

1º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "MONTES DE CASAS DO RIO".
Elenco: 2715862.
Superficie: 41 Hás.
Pertenza: Comunidade de Casas do Rio.
Concello: Navia de Suarna.
A contabilizar como subvención: 50%.
A contabilizar como anticipo: 50%.
Interés sobre o anticipo: 1%.
Participación da Comunidade no voo creado: 70%.
Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do gastos do Convenio do monte "MONTES DE CASAS DO RIO", 2715862, se abre cun saldo de 2.665.490,-pesetas, sen perxuicio dos gastos e ingresos que puideran te-las contas do Consorcio do monte "VAL OSCURO", LU-3060, con posterioridade a data do seu peche.

3º.- Que no sucesivo, as características do monte LU-3060, sexan:

Nome: "VAL OSCURO".
Elenco: LU-3060.
Superficie: 134 Hás.
Pertenza: Pueblos de Ferredo, Libre, Son y Robledo de Son.
Concello: Navia de Suarna.

4°.- Que por ter pasado a conta do Convenio do monte "MONTES DE CASAS DO RIO", 2815862, das contas do Consorcio do monte "VAL OSCURO", LU-3060, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 40 Hás. x 11.568.219,-Ptas. 2.738.040,-Ptas
169 Hás.

ingresos: 40 Hás. x 770.530,- Ptas. 182.374,-"
169 Hás.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 1996.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo: Plácido Baamonde López.

V°B°

O DIRECTOR XERAL,



Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

ILMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente de transformación parcial do consorcio LU-3060, do monte "VAL OSCURO", nun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e a Comunidade de veciños de Casas do Rio (parroquia do Son en Navia de Suarna), propietaria do monte veciñal "MONTES DE CASAS DO RIO" integrado por 41 Has.do citado monte "VAL OSCURO" e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio, nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89 de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 1996

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,



Naue D7

Asdo.: Maria Diz Rodriguez.

ILMO. SR DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O

1º.- Que se aprobe o Convenio do monte das seguintes características:

Nome: "MONTES DE CASAS DO RIO".

Elenco: 2715862.

Superficie: 41 Has.

Pertenza. Comunidade de Casas do Rio.

Concello: Navia de Suarna.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1% anual.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta de gastos do Convenio do monte "MONTES DE CASAS DO RIO", 2715862, se abre cun saldo de 2.665.490,-pesetas, sen perxuicio dos gastos e ingresos que puideran te-las contas do Consorcio do monte "VAL OSCURO", LU-3060, con posterioridade a data do seu peche.

3º.- Que no sucesivo, as características do monte LU-3060, sexan:

Nome: "VAL OSCURO".

Elenco: LU-3060.

Superficie: 134 Hás.

Pertenza: Pueblos de Ferredo, Libre, son e
Robledo de Son.

Concello: Navia de Suarna.

4º.- Que por ter pasado a conta do Convenio do monte "MONTES DE CASAS DO RIO", 2815862, das contas do Consorcio do monte "VAL OSCURO", LU-3060 se resten as seguintes cantidades:

gastos: 40 Hás x 11.568.219.-Ptas. 2.738.040.-Pts
169 Hás

ingresos: 40 Hás. x 770.530,-Ptas. 182.374.- "
169 Has.

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 1996.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

CONVENIO

N.º		
-----	--	--

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

REUNIDOS

Dunha banda, D. **ANTONIO LUIS ROSON PEREZ, por Delegación do** Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da ~~representación que legalmente ostenta~~ **Orde do 13.12.1993.**

Da outra, D. **JOSE LOPEZ ALVAREZ** como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común **"MONTES DE CASAS DO RIO"** , segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

EXPOÑEN

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do **18 de Febreiro de 1.956** para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a **Comunidade integrada polos veciños do lugar de Casas do Rio, parroquia de Son, termo municipal de Navia de Suarna**

e son os que a continuación se describen:

Denominación: **"MONTES DE CASAS DO RIO".**

Termo municipal: **Navia de Suarna.**

Provincia: **LUGO**

Situación administrativa e legal: **Monte veciñal en man común, pertencente a Comunidade integrada polos veciños do lugar de Casas do Rio, parroquia de Son, termo municipal de Navia de Suarna.**

Límites:

N.: **Monte "VAL OSCURO", LU-3060 e montes veciñais das Comunidades de Arcón e Casas do Rio;**

D.: **Monte veciñal e propiedades particulares de Casas do Rio;**

S.: **Monte veciñal de Casas do Rio e Trabado e monte "VAL OSCURO", LU-3060 e**

O.: **Termo municipal de Cervantes.**

Superficie: **41 (CORENTA E UNHA) Hás.**

Estado forestal: **40 (CORENTA) Hás. repoboadas e 1 (UNHA) Há. inforestal.**

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: **- - -**

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: **40 (CORENTA) Hás.**

Sen vexetación arbórea: **1 (UNHA) Há.**

Servidumes: **- - -**

3ª.— O chan continuará pertencendo a **Comunidade integrada polos veciños do lugar de Casas do Rio, parroquia de Son, termo municipal de Navia de Suarna**

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o **cincoenta** por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante **cincoenta** por cento, como anticipo reintegrable, ó interese de **un** por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualizar as contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: **41 Hás. do monte "VAL OSCURO", LU-3060.**

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o trinta por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o por cento, e a comunidade propietaria, o por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duração deste convenio será por um período de cincoenta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que substentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acreedor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrixe antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª. — ~~Resaca de agua en el paraje de la cañada de San Juan de los Rios.~~ O monte está repobado con *P. sylvestris*.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don NILO FERNÁNDEZ ORTIZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "CASAS DO RÍO", veciños de Casas do Río, parroquia de Son, concello de NAVIA DE SUARNA — Rexistrados co nº 0170 — Data do rexistro 26-02-91.—

2.— Que, así mesmo, figura Don JOSÉ LÓPEZ ÁLVAREZ, e Don JESÚS LÓPEZ PÉREZ, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica 6 08-06-2.000

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo, a 20 de xuño de 1996.



JESUS LOPEZ PEREZ

Don a Comunidade de Casas do Río, termo municipal de Navia de Suarna., Secretario de

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 8 de xuño de 1.996 estando designado Don JOSE LOPEZ ALVAREZ representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Casas do Río (Navia de Suarna) a oatorcos de Xuño de mil novecentos noventa e seis.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

José López

PRESIDENTE,

O

José López Alvarez.

Asdo.:

Jesús López

Jesús López Pérez.

Asdo.:

D. TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANASS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

José López

Asdo.: **José López Alvarez.**

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO,
P/D

O SECRETARIO XERAL;

Asdo.: **Antonio Luis Rosón Pérez.**
(O. do 13/12/93)

José López Alvarez.
Jesús López Pérez.

En el lugar de Casas do Rio, parroquia de Son, término municipal de Navia de Suarna, siendo las diez horas del día 8 de Junio de 1.996, se reúnen en Asamblea General los vecinos que integran la Comunidad de Casas do Rio, cuya relación figura al margen.

Por unanimidad, acuerda:

1º.- Proponer a la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes la firma de un Convenio que afecte a las 41 Hás. de su pertenencia, actualmente incluidas en el Consorcio del monte "VAL OSCURO", suscrito por el Ayuntamiento de Navia de Suarna y el Patrimonio Forestal del Estado, con lo que las características del monte a conveniar, serán:

Nombre: "MONTES DE CASAS DO RIO".

Superficie: 41 Hás.

Límites:

- N.- Monte "VAL OSCURO", LU-3060 y montes vecinales de las Comunidades de Arcón y Casas do Rio;
- E.- Monte vecinal y propiedades particulares de Casas do Rio;
- S.- Monte vecinal de Casas do Rio y Trabado y monte "VAL OSCURO", LU-3060 y
- O.- Término municipal de Cervantes.

2º.- Solicitar de la Consellería que el Convenio, en la parte que le afecta, anule y sustituya al Consorcio del monte "VAL OSCURO", LU-3060.

3º.- Autorizar a los dos miembros de la Comunidad para la firma del Convenio.

Y no habiendo más asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y fecha al principio indicados, firmando de conformidad.

José López

Jesús López